

BRASERÍA CARBALLO

Avda. Bergantiños, 64

15100, Carballo, A Coruña



INFORMACIÓN XERAL

Situada nunha rúa próxima á entrada de Carballo chegando desde A Coruña, é unha zona tranquila e pouco transitada, totalmente plana e accesible.

O establecemento está disposto nunha soa planta cunha zona de bar e cafetería á entrada e o comedor do restaurante ao fondo do local.

Atención ao público e outra información de interese

- Non dispón de cartas adaptadas -fotografías, mp3, braille, idiomas.- Pero con todo están cunha tipografía de gran tamaño e alto contraste que facilita a súa lectura.
- Non hai persoal signante
- Permiten o acceso con cans guía e/ou de asistencia
- Non se previu a evacuación de persoas con discapacidade de maneira específica.

Acceso e zona de atención ao público

- Está situada nunha rúa plana na que hai prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida, pero non son propias nin reservadas en exclusiva para os usuarios do establecemento.
- Desde as prazas de aparcadoiro ata a entrada do recinto non hai pendentes pero hai tramos nos que tampouco hai beirarrúa polo que hai que circular pola calzada.
- Dispón dunha terraza no exterior, fronte ao establecemento e unha zona aberta á entrada do local habilitada para fumadores..
- Desde a facer ao local hai un desnivel de 20cm que se salva cunha rampla de 130 cm de lonxitude, o que a fai algo empinada.

ACCESIBILIDADE FÍSICA

BAR

Localización e itinerario

- O Bar está situado á entrada do establecemento, o itinerario que leva ata o comedor está interrompido por unhas portas de dobre folla.
- Entre a zona de bar e o comedor sitúase o aseo nunha zona elevada do local á que se accede por unha rampla dun 10% de pendente.

Características

- A anchura mínima do espazo de circulación é de -120cm-.
- O pavimento é liso e homoxéneo, non presenta ningún tipo de dificultade aos usuarios de cadeiras de rodas, bastóns ou andadores-
- A barra do bar non ten servizo a dobre altura.
- Hai asentos de barra. Son taburetes de madeira móbiles, lixeiros, sen respaldo.
- As mesas son cadradas, de catro patas e cunha altura libre debaixo de 70cm e a superficie da mesa está a 75.
- Na zona de fumadores á entrada do local só hai mesas altas 110 cm con taburetes altos.

SALÓN COMEDOR

Localización e itinerario

- Desde a porta do establecemento accédese directamente ao salón atravesando a zona de bar, aínda que hai que subir unha rampla, atravesar unha porta e baixar outra rampla, para salvar a diferenza de nivel cos aseos.
- A porta de acceso ao comedor é abatible cara á zona de bar (fronte aos aseos) e está situada xusto ao final dunha rampla, de tal forma que para abrila desde o comedor hai que empuxala desde a rampla. A porta é moi ancha, e é opaca.

Características

- A anchura mínima do espazo de circulación é de -120cm-.
- O pavimento é liso e homoxéneo, non presenta ningún tipo de dificultade aos usuarios de cadeiras de roda, bastóns ou andadores-
- As mesas son rectangulares, móbiles con catro patas.
- O espazo inferior de aproximación das mesas é de 70(alto) x 80(ancho) x 80(fondo) a altura superior é de 79cm.

ASEO ADAPTADO

Localización e itinerario

- O aseo adaptado está situado atravesando a zona de bar, entre este e o comedor, é á mesma vez o aseo de homes.

Cabina de aseo

- Cabinas adaptadas -1-.
- Sinalización co SIA -si- .
- Tipo de porta – abatible cara ao interior-
- Mecanismo de apertura -tirador-
- Mecanismo de peche -chaveta manipulable co puño pechado ou co cóbado-.
- A anchura de paso é de 80.
- Diámetro viro libre de obstáculos >150.
- Control de iluminación - sensor de presenza-
- Sistema de alarma -non-

Lavabo

- Localización -dentro da cabina, perpendicular á porta-.
- Tipo de billa - monomando-
- A billa está situado a 85cm.
- O espazo inferior de aproximación do lavabo é de 71(alto) x 60(ancho) x 50(fondo) e a altura superior é de 85cm.
- O espello é -fixo-.
- O bordo inferior está a 130 e o superior a 200
- Dispón de -xaboeira, seca mans - e a altura de uso é de 100 e 130 respectivamente.

Inodoro

- A aproximación frontal ten unha amplitude de 120cm
- Conta con espazo de transferencia -no lado dereito de máis de 80 cm de anchura
- Só con barras abatibles a ambos os dous lados a 90 cm de altura, separadas 70cm.
- A altura de uso do asento, inodoro máis táboa, é de 47cm.
- O mecanismo de descarga de cisterna é - pulsador-, está situado encima da cisterna, pódese activar co cóbado o puño pechado -si - e require un esforzo - medio-.

ACCESIBILIDADE VISUAL

BAR

Localización e itinerarios

- A barra está á esquerda da porta de entrada, queda á dereita no noso camiño cara ao comedor principal.
- As mesas do bar están situadas fronte á barra.
- Hai mesas nunha terraza exterior que está na beirarrúa, sobre unha plataforma que elimina o desnivel da beirarrúa converténdoa nun espazo plano.
- Hai mesas altas no exterior xusto antes de entrar no local.

Características

- As portas son de vidro con tres franxas horizontais entre 130 e 150 cm advertindo da súa existencia.
- O chan é totalmente liso e non é reflector polo que non produce deslumbramentos-
- A iluminación é -homoxénea, intensa -.
- A barra conta con iluminación identificativa.
- Non hai elementos voladizos e susceptibles de xerar tropezos.
- A cor do mobiliario contrasta co do chan e as paredes, aínda que chan e paredes se son de cores similares.

SALÓN COMEDOR

Localización e itinerarios

- O comedor está ao fondo do local, hai desniveis para chegar ao desde o interior, e unha porta opaca cun letreiro encima que indica que se accede ao comedor.

Características

- As portas que comunican con outras estancias son opacas e teñen cor contrastada.
- O chan é totalmente liso e non é reflector polo que non produce deslumbramentos-
- A iluminación é -homoxénea, intensa -.
- As mesas contan con cor contrastada pero non con iluminación identificativa ao ser de disposición variable.
- Non hai presenza de elementos voladizos susceptibles de xerar tropezos.

Aseos

- Os símbolos do aseo están tallados en relevo e pegados sobre a porta, son en cor contrastada contra o fondo da porta.
- A cor dos elementos destaca con respecto a paredes e chan, non. Aínda que o chan e as paredes se que son de cores contrastadas.
- En caso de emerxencia, a alarma é audible desde a zona de aseos, si.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

BAR

Localización e itinerarios

- Non hai desde a porta posibles barreiras auditivas.

Características

- Non hai avisos luminosos ou calquera outro equipamento de accesibilidade para persoas xordas.

SALÓN COMEDOR

- Conta con carta escrita.
- Non hai persoal signante.

ASEO

- Están sinalizados, si.
- Nas cabinas, o pestillo non ten un sistema exterior indicando estado de libre ou ocupado.
- A porta non ten a parte inferior libre para ver se hai alguén dentro da cabina.
- En caso de emerxencia non conta con sistema de alarma visual.